



ALMASIA, Anahí e Mariela SÁNCHEZ (eds.) (2018): *Memorias dun loitador antifranquista. O testemuño do comunista David Álvarez Carballido* (Entrevistado por Antón Santamarina. Prólogo de Xesús Alonso Montero). Santiago de Compostela: Alvarellos, 395 pp.

Se a historia social revela as costuras da realidade acontecida no tempo e capta os rostros dos seus verdadeiros protagonistas, a historia oral profunda nos canais onde flúen a memoria e as percepcións para reflectir imaxes, significados e sentidos a través da experiencia vivida.

Esa mesma experiencia procúralle a David Álvarez Carballido, un militante comunista lucense curtido na loita política clandestina na España franquista e na Arxentina, a obriga moral e ética –unha responsabilidade individual fronte á historia e á memoria do seu país e do seu tempo (por mínima que esta fose)– de deixar un legado narrativo ás novas xeracións. Un legado de coñecemento sobre o presenciado e vivido sempre dende unha capacidade especial para afrontar a historia, cuxa memoria e transmisión ha valer *para non pasar inútilmente polo mundo*.

Ese desexo viuse cumprido grazas ás entrevistas e conversas gravadas por Antón Santamarina e aos seus colaboradores no verán de 1998, material que estivo a agardar á súa publicación durante case dúas décadas. Finalmente, a edición literaria do relatado nas gravacións citadas por David Álvarez correu a cargo da súa sobriña Anahí Almasia e de Mariela Sánchez, profesora da Universidad Nacional de la Plata.

A tarefa de editar a oralidade implica unha serie de desafíos que neste caso se resolven con bastante axilidade. No apartado lingüístico, respéctase a lingua utilizada por David Álvarez para narrar a súa historia de vida, decisión tan acertada como a de empregar a mesma –o galego– nas acotacións previas ao devir de cada capítulo.

Desta maneira, e xa en referencia a cuestións técnicas e metodolóxicas, resulta máis sinxelo captar a interpretación que o entrevistado fai, no seu testemuño, sobre a realidade histórica afrontada e o seu papel nela, unha visión a defender diante da súa audiencia real e potencial.

Isto é importante pois nesta e noutras obras dedicadas ao tratamento do testemuño oral dende as premisas metodolóxicas máis recentes, a indagación na experiencia do suxeito individual ou colectivo cobra polo xeral máis valor que a estrita ordenación, clasificación ou verificación da información achegada, cuxo valor non se descarta en ningún momento. Representar o pasado nun acto de memoria significa darlle sentido á experiencia e implica a elaboración de significados propios. A nova historia oral, en coherencia cos enfoques prevalentes na historia sociocultural, concéntrase na observación dos modos nos que o suxeito e o grupo confiren un sentido específico ao pasado, ao universo personal e colectivo, dende o presente onde se producen os testemuños –Roger Chartier, Elisabeth Jelin, Josefina Cuesta ou Walter Benjamin ofrecen claves para descifrar esta encrucillada–, e remarca o concepto de experiencia na súa dimensión antropolóxica.

O presente libro non se afasta desta liña, malia as lóxicas matizacións derivadas da especificidade do caso, incluído o seu dilatado proceso de xestación. Emporiso, evita profundar no debate teórico-metodolóxico sobre a natureza espuria da memoria ou verbo da construción da fonte oral e a determinación do seu valor real para a historiografía. Esta cautela favorece a comprensión global e o propio obxectivo da narración/edición deste testemuño individual, unha estratexia a compartir por todas as instancias implicadas na configuración deste proxecto ao longo do tempo, incluído moi probabelmente o público lector destinatario da obra.

En todo caso, nun intre determinado, xorde a pregunta formulada por Mariela Sánchez arredor de se o retorno do suxeito, contemplado nos últimos tempos na proliferación de textos baseados en historias de vida narradas en primeira persoa do singular, respondería a unha necesidade de expresión individual ou se indicaría unha preocupación social por impedir

“que determinadas historias en apariencia “pequeñas” por individuales y por ser hasta cierto punto anónimas, se pierdan para la historia”. Unha cuestión que obtén a necesaria resposta no recoñecemento da converxencia entre ambas explicacións, unha mestura que permite o entrecruzamento entre o plano íntimo, cotián, e os procesos sociais e históricos do contexto, nun equilibrio que vai dos uns aos outros nas dúas direccións.

A cerna deste esquema estribaba, pois, na preservación e transmisión da experiencia dun suxeito que trascende tanto pola capacidade de autopercepción do valor inalienábel da súa propia biografía como polo feito básico de ser parte dos grupos culturais, sociais ou políticos dos que se trate en cada momento temporal.

Un suxeito que pertence ao xénero dos imprescindibles, como así os denomina o profesor Xesús Alonso Montero, prologuista tamén do libro. Así, as pezas imprescindibles do mundo cultural e político comunista non son en realidade os pensadores ou os dirixentes, senón os militantes de base, eses individuos que arriscaban a vida ou integridade física se eran arrestados, torturados, encarcerados ou mesmo asasinados polas forzas represivas aos dous lados do océano Atlántico. Verbo disto último, convén lembrar que de 1948 a 1962 a actividade política de David Álvarez Carballido transcorreu en Arxentina como membro de varias organizacións humanitarias arxentinas e, a partir de 1952, do PCE.

Os militantes comunistas organizaban e mantiñan vivas as células e as radios, asistían a reunións, acadaban e manexaban multicopistas, levaban as contabilidades e, nalgúns casos, como foi o de David, formaban parte dalgún comité executivo no exilio, tarefas de *fregueses* que normalmente conducían ao sacrificio das súas vidas en longos períodos de cadea ou de liberdade vixiada e precariedade laboral.

A memoria coral proxectada nos recordos e na voz de David Álvarez reflicte moi ben a vida social do rural na comarca da Fonsagrada antes da guerra civil, o impacto da represión franquista sobre a poboación e mais os guerrilleiros (especial relieve cobra a matanza do Acevo e a execución do comandante Moreno) e a miseria compartida da posguerra. O relato adéntrase deseguido na súa etapa en Arxentina para describir ao detalle unha dupla vida: a do emigrante galego en constante movemento entre as distintas institucións e sociedades galegas de Bos Aires (na procura tanto de traballo

coa axuda de parentes, amigos e paisanos, como de conexións culturais e políticas), e, paralelamente, a do militante clandestino perseguido polas autoridades arxentinas, arrestado antes e durante a *Revolución Libertadora*.

Se nesta fase a narración gaña intensidade e se volve moi dinámica, a crónica sobre o regreso a España e os episodios subseguintes (as dificultades da actividade política e organizativa dentro da clandestinidade e a realidade socioeconómica da España da ditadura, a detención, as torturas e os períodos de reclusión nos cárceres de Vigo e Carabanchel) proporcionalle ao lector a oportunidade de se mergullar na vida cotiá de moitos loitadores pola liberdade ou, sinxelamente, dos cidadáns comúns baixo un réxime totalitario. A viveza do relato da experiencia carceraria (a súa organización, as relacións entre os internos, a dirección e os gardas, os modos de pasar o tempo, a violencia física exercida pola policía) e das reunións ao outro lado da fronteira (entre elas, as que propiciaron a creación do PCG) axuda a modelar o retrato dun home digno, recto e dotado dunha capacidade de resiliencia filtrada a golpe de xiros lingüísticos e coloquiais moi reveladores.

Á marxe da valoración positiva expresada verbo do deseño e ensamblaxe desta obra –proceso minucioso de gravación e edición das entrevistas; acádase un relato coherente cronolóxico e gramaticalmente, ben acoutado para compensar os atrancos e reiteracións da oralidade–, cabería sinalar, por contra, un certo baleiro deixado por non ter consignadas as preguntas formuladas polos investigadores ao entrevistado ou suxeito de memoria. Estas, de seren desveladas, engadiríanlle moi probablemente un novo ángulo á comprensión global dun acto de memoria testemuñal.

Este apuntamento crítico non desmerece o indiscutíbel valor do libro, xa implícito na propia escolla dunha figura *anónima* na que fixar a ollada cómplice do lector. En conclusión, o libro preséntanos unha experiencia autobiográfica salientábel primeiramente por ser vivida e percibida por un ser humano, así de sinxelo. Un “ser político”, asemade, que habita un período necesitado de constantes relecturas e de novas interpretacións –como en realidade o precisan todos os procesos históricos e os seus protagonistas, por aparentemente insignificantes que estes sexan– cara a un coñecemento sempre imperfecto do mesmo.

José Galán Ortega  
josegalanortega@gmail.com